

MEMORIA ACADÉMICA 2025

LECTORADO DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS
FACULDADE DE CIÊNCIAS SOCIAIS E HUMANAS
UNIVERSIDADE NOVA DE LISBOA

Lisboa, 5 de decembro de 2025



XUNTA
DE GALICIA



CENTRO DE
ESTUDOS GALEGOS

FCSH
FACULDADE DE CIÊNCIAS
SOCIAIS E HUMANAS
UNIVERSIDADE NOVA DE LISBOA

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. PRESENTACIÓN DO CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS	3
2. DOCENCIA	4
OBXECTIVOS, METODOLOXÍA E AVALIACIÓN	4
ALUMNADO	6
3. DIVULGACIÓN CULTURAL	7
4. INVESTIGACIÓN E APOIO EXTERNO	8

1. PRESENTACIÓN DO CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS

O Centro de Estudos Galegos fundouse en 1994, como froito da sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade Nova de Lisboa. Entre os seus obxectivos fundacionais salientáanse o ensino no eido da lingua, a cultura e a sociedade galega, a divulgación cultural na área de influencia da cidade de Lisboa e a promoción da investigación en relación co idioma, a literatura e a cultura galegas. Este acordo entre o Goberno galego e a universidade prevé a adscrición dun lector ou lectora á Universidade Nova de Lisboa encargado de asumir a responsabilidade de desenvolver estes obxectivos e organizar actividades destinadas para tal fin.

A sede do Centro de Estudos Galegos sitúase na Facultade de Ciências Sociais e Humanas (FCSH). Un dos seus recursos máis significativos é a biblioteca, cuxo acervo acolle un importante catálogo de libros e materiais audiovisuais relacionados coa cultura galega. Os materiais dispoñíbeis no centro están listados no rexistro xeral da biblioteca da facultade (Biblioteca Mário Sottomayo Cardia) e os seus fondos son actualizados periodicamente, quer sexa a través da compra de libros, quer grazas ás doazóns recibidas. O CEG está integrado no Departamento de Estudos Portugueses da Facultade de Ciências Sociais e Humanas, de cuxa estrutura académica e administrativa dependen por tanto todas as súas actividades.

2. DOCENCIA

O lector do CEG imparte dúas materias optativas denominadas *Lingua e sociedade galega*, ofrecida no primeiro semestre, e *Cultura e literatura galega*, encadrada no segundo. A lóxica detrás desta organización é que o alumnado inscrito na primeira materia curse posteriormente a segunda. Ambas as dúas están integradas no programa oficial da Licenciatura en Estudos Portugueses, mais contan con matrícula aberta para os alumnos do resto de titulacións ofertadas na facultade. A duración de cada unha delas é semestral e teñen un valor de 6 créditos ECTS.

A continuación, pásanse a referir os obxectivos, metodoloxía e avaliación aplicados no segundo semestre do curso lectivo 2024/25, pois o presente curso 2025/2026 deu comezo co posto de lector vacante e, polo tanto, sen docencia da materia *Lingua e sociedade galega*.

Obxectivos, metodoloxía e avaliación

O programa oficial ten como meta os seguintes obxectivos:

- a) Adquirir coñecementos sobre o contexto social da Galiza;
- b) Adquirir coñecementos sobre a sociolingüística actual do galego;
- c) Coñecementos de lingua galega, nas catro competencias básicas: expresión escrita e expresión oral (nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas), comprensión escrita e comprensión oral (nivel B2);
- d) Adquirir competencias gramaticais: fonética, fonoloxía, sintaxe, ortografía e léxico do galego.

No referente aos contidos desenvolvidos, perséguese un achegamento inicial e básico do alumnado á realidade lingüística e sociocultural de Galiza, en termos históricos e presentes, a partir da comparación e contraste coa realidade, tan próxima, de Portugal e o portugués, co ánimo de apelar ao seu interese. No que respecta aos contidos estritamente lingüísticos, preténdese aproveitar a proximidade co portugués para, a partir dunha análise contrastiva, e dende unha perspectiva comunicativa e pragmática, tratar de comprender as semellanzas e diferenzas entre ambas variedades e alcanzar unha certa fluidez e independencia no uso do idioma. No relativo á literatura e á cultura, preténdese que os materiais e as actividades propostos ofrezan unha perspectiva global da nosa cultura contemporánea e tradicional que permita compatibilizar unha lectura crítica e persoal de cada un dos seus aspectos co debido rigor histórico. Os contidos da materia complementáanse coas actividades académicas e de dinamización organizadas polo CEG: conferencias, encontros con escritores/as e artistas, e concertos, entre outras.

A metodoloxía de ensino-aprendizaxe ten un carácter diverso. Así, as explicacións do docente sobre historia social da lingua, sociolingüística ou sobre distintos contidos lingüísticos alérganse coa visualización de vídeos e documentais sobre os temas tratados, o traballo autónomo ou en grupo con textos e produtos culturais, a realización de actividades e proxectos ou o debate e reflexión crítica a nivel grupal. En calquera caso, debido á singularidade da situación da que parte o alumnado portugués de cara á abordaxe da lingua e a cultura galega, os recursos e materiais empregados adoitan ser moi específicos e creados *ad hoc*.

En xeral, procúrase favorecer o traballo cooperativo dos estudantes e os recursos necesarios para que o alumnado avance de forma autónoma no coñecemento da lingua e cultura galegas. É necesario subliñar, ao mesmo tempo, a importancia das ferramentas dixitais á hora de facilitar o acceso aos materiais necesarios ao estudantado, quer a través da plataforma oficial Moodle, quer por medio doutras plataformas como Google Classroom ou Google Sites.

O método de avaliación estrutúrase da seguinte maneira:

1. Asistencia e participación activa do alumnado nas aulas e nas actividades programadas polo CEG: 20% da cualificación final
2. Exame final de avaliación de contidos de lingua, historia social da lingua e sociolingüística: 30% da cualificación final
3. Traballo individual de reflexión crítica sobre algún aspecto social ou cultural da Galiza acordado previamente: 20% da cualificación final.
4. Dúas presentacións orais sobre algunha poboación ou lugar de interese cultural ou paisaxístico de Galicia e sobre un autor literario: 20%
5. Participación nun proxecto de tradución audiovisual (subtitulado) dun filme galego para o portugués: 10%

Alumnado

A materia *Cultura e literatura galega* ten a consideración de optativa no marco da licenciatura de Estudos Portugueses, aínda que, como foi referido con anterioridade, a matrícula está aberta a alumnos e alumnas de calquera titulación da FCSH. Se ben se rexistra presenza de estudantes Erasmus, o alumnado adoita estar formado por estudantes de nacionalidade portuguesa en gran medida descoñecedores da realidade social e cultural galega e da nosa lingua mais interesados en saber máis. Así mesmo, é habitual a presenza de algún alumno ou alumna de diferentes titulacións, mais a maior parte adoitan se estudantes da Licenciatura en Estudos Portugueses.

Nesta edición, a disciplina contou con sete inscritos: catro de nacionalidade portuguesa, dous alumnos chineses e unha escocesa. A súa implicación e interese pola materia foi extraordinario, así como a súa vocación por seguir coñecendo máis sobre a Galiza e o galego despois deste curso. A continuación, detállanse os resultados da avaliación, así como os resultados da enquisa de percepción sobre a disciplina e o docente, que foron moi satisfactorios. As valoracións de percepción achéganse nunha escala de 0 a 6, e as cualificacións outorgadas ao alumnado nunha escala de 0 a 20.

Perceção sobre o funcionamento da UC

	Nº de inscritos	Taxa de Resposta	Q1	Q2	Q3	Q4	Q5	Q6	Q7	Q8 a)	Q8 b)
UC Global	7	100%	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	5.3
LEP	5	100%	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0	6.0

N.B. Para interpretación dos resultados apresentados consultar separador Documentos.

Perceção sobre os docentes da UC

	Nº de inscritos	Taxa de Resposta	Héctor Pardo Álvarez
UC Global	7	100%	5.9
LEP	5	100%	6.0

Sucesso Escolar (%)

	Obrigatória	Nº de inscritos	Avaliados/ Inscritos	Aprovados/ Avaliados	Aprovados/ Inscritos	Média nos 3 anos letivos anteriores (aprovados/ inscritos)
UC Global	----	7	100%	100%	100%	83.33%
LEP	Não	5	100%	100%	100%	80.00%

N.B. Para interpretação dos resultados apresentados consultar separador Documentos.

Classificações obtidas pelos estudantes

	Obrigatória	Nº de inscritos	Média das Classificações (aprovados)
UC Global	----	7	16.9
LEP	Não	5	17.8

QA - Elogios unidade

	Resposta
LEP	Foi, sem dúvida, uma das unidades curriculares mais marcantes que tive oportunidade de frequentar ao longo do meu percurso académico. O docente revelou-se sempre disponível para esclarecer dúvidas, demonstrando uma postura compreensiva e um interesse genuíno pelo bem-estar e pelo progresso de todos na sala. Foi com esta unidade curricular que desenvolvi um apreço pela cultura e pela história da Galiza.
LEP	Matéria muito interessante e que devia ser obrigatória no curso de Estudos Portugueses, uma vez que conhecer a história da língua galega é também conhecer a história da língua portuguesa. Cadeira muito dinâmica e a mais completa que tive. Em apenas um semestre aprendemos a língua, a cultura, a história, a literatura da Galiza... Fizemos trabalhos muito diversos, desde apresentações interessantíssimas à legendagem de um filme, traduzindo do galego para o português. Se pudesse repetia.

QA - Oportunidades unidade

	Resposta
LEP	Absolutamente nenhuma.

QA - Comentários docente

	Resposta
LEP	O melhor professor que tive ao longo destes três anos. Muito querido, simpático, acessível, compreensivo e dá muito bem a matéria, condensando tanto ensinamento em apenas um semestre. As aulas nem pareciam aulas; aprendemos tanto, mas nunca exaustivamente. A cadeira não será, sem dúvida, a mesma se não for dada por ele. Obrigada por tudo. Nunca esquecerei o que aprendi aqui e espero poder continuar a aprofundar os meus conhecimentos sobre a Galiza.
LEP	Um professor dedicado, simpático e prestável com todos os alunos. Um exemplo de que o professor faz toda a diferença!!
LEP	É um excelente professor. Qualquer aluno que tenha o privilégio de tê-lo como docente criará um enorme carinho pela matéria que leciona.

3. DIVULGACIÓN CULTURAL

As actividades de divulgación cultural realizadas polo CEG teñen tres ámbitos de actuación diferentes, co obxectivo de alcanzar públicos diversos:

1. A propia FCSH e outras institucións de ensino superior, cun público de perfil eminentemente académico. Debemos incluír neste apartado o propio alumnado da materia.
2. Espazos públicos ou locais da cidade con público diverso e non necesariamente familiarizado coa cultura galega.
3. Organizacións ligadas á nosa cultura na cidade de Lisboa, nas que o público coñece con maior ou menor profundidade a Galiza.

En calquera dos casos, os obxectivos básicos do CEG pasan pola divulgación en Lisboa de visións da historia e da cultura galega que, pola súa relevancia histórica ou pola súa importancia actual, contribúan a unha intensificación das relacións entre as culturas galega e portuguesa, para un mellor coñecemento recíproco e, consecuentemente, para unha revisión actualizada dos estereotipos e atrancos que teñen condicionado esta relación.

Con estas orientacións fundamentais, o CEG organizou as seguintes actividades entre xaneiro e xuño do ano 2025, nun contexto en que a ambición por organizar un evento das dimensións e a carga organizativa do Colóquio Internacional Cruzamentos Galiza-Portugal propiciou que o deseño do calendario de actividades neste ano 2025 fose diferente ao doutros anos en que se organizaron un gran número de actividades pero máis humildes.

- 19 de febreiro . **Realización do programa de radio *Galiza Máis Perto* con entrevista ao divulgador sobre as linguas Marco Neves**
- 5 de abril. **Realización do programa de radio *Galiza Máis Perto* con entrevista a Iria Estévez, de *Fado Nordés***
- 6 de abril. **Entrevista no podcast *Histórias de Lisboa*, emitido no canal SIC Notícias e no xornal *Expresso* sobre a histórica emigración galega na cidade, co fin de divulgar o Colóquio Internacional Cruzamentos Galiza-Portugal. Redes migratorias e culturais**
- 10-11 de abril. **Colóquio Internacional Cruzamentos Galiza-Portugal. Redes migratorias e culturais**

Iniciativa dos tres centros de estudos galegos de Portugal (UNL, UMinho e UAlg) en colaboración co Proxecto de Investigación "Espanhóis em Portugal (1715-1868): emigração laboral e exílios políticos", a

Cátedra UNESCO 226 sobre Migracións da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Proxecto "Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través del Atlántico (1800-1950)".

O evento tivo lugar nos días 10 e 11 de abril na FCSH e na sede da Xuventude de Galiza-Centro Galego de Lisboa, e tiña como propósito propiciar un encontro de especialistas na histórica emigración galega con destino en Portugal e, ante todo, celebrar e revisitar a Lisboa *galega*.

Os traballos académicos, tiveron lugar na FCSH (Universidade Nova de Lisboa) e estiveron abertos a todo o público interesado. Pola súa parte, a Xuventude da Galiza - Centro Galego de Lisboa acolleu os diferentes eventos do programa social:

10 de abril

Conferencia gastronómica "Temperos da Galiza en pratos e espazos portugueses", a cargo da profesora Inês de Ornellas e Castro e do gastrónomo e investigador Virgílio Nogueiro Gomes.

Inauguración da exposición "Cantantes líricas galegas dos séculos XIX e XX: Galiza, Portugal, América", que permaneceu no Centro Galego de Lisboa durante un mes

11 de abril

Visita guiada a Lisboa à galega J. López Bedoya & J. R. Pérez Salgado

Concerto "O Fado do Deitagatos", a cargo de Iria Estévez, e presentación de "Fado Nordés. Proxecto transmedia arredor do fado e a migración".

- 10 de maio. **Realización do programa de radio *Galiza Máis Perto*. Especial sobre as Letras Galegas**
- 17 de maio. **Día das Letras Galegas. Concerto do grupo Pedepote e gran foliada aberta.**

4. INVESTIGACIÓN E APOIO EXTERNO

No ámbito da investigación, o cometido xeral do Centro de Estudos Galegos é o de estimular a introdución do alumnado da FCSH na esfera dos Estudos Galegos, quer a través dos traballos propiamente realizados no contexto das materias ofrecidas no plan de estudos quer en niveis de posgrao e doutoramento.

Neste mesmo dominio da investigación cumpre un papel fundamental a Biblioteca do Centro de Estudos Galegos, cuxa xestión corre por conta do propio CEG e do seu lector no que atinxe os traballos de xestión do préstamo, información sobre os materiais dispoñíbeis e proposta de compra de novos materiais para a actualización do seu fondo. As persoas usuarias foron, preferentemente, os alumnos e as alumnas das materias impartidas, mais tamén se interesaron pola consulta e o préstamo dos materiais da Biblioteca (libros, CD e DVD) membros doutras universidades.

Vinculado aos traballos de docencia, investigación e divulgación da cultura galega en Lisboa, o CEG desenvolve un importante labor de apoio e consultoría, tanto para outras unidades de investigación da Universidade Nova de Lisboa, como para outras universidades do medio académico portugués e internacional ou, xa noutro nivel de traballos, para o alumnado das materias de lingua e literatura galega e, en xeral, das persoas interesadas pola cultura galega na cidade.

Neste sentido, o CEG colaborou puntualmente e forneceu asesoramento e servizo de préstamo a un número significativo de investigadoras e investigadores da facultade. É moi frecuente, ademais, que o CEG reciba consultas sobre bibliografía e informacións xerais da cultura galega a través do seu correo electrónico.